



### Veciñanza fai unha valoración crítica da pobre organización das Festas Patronais de Cuntis

*Veciñanza xa rexistrou a solicitude para que o Goberno Local presenta as contas e aclare gastos e ingresos. Son estendidas entre os veciños e veciñas as críticas ao pobre programa deste ano, así como á súa lamentable difusión, á escaseza de actividades e á calidade das verbenas.*

Cuntis, 27 de agosto de 2018. As festas patronais de Cuntis foron durante moitos anos unha referencia no calendario festivo do mes de agosto mesmo máis alá dos límites do noso municipio. Este ano foi o Concello de Cuntis quen asumiu a organización e o balance en termos xerais que cómpre facer non é nin moito menos positivo. Asentouse a percepción entre os veciños e veciñas de Cuntis de que **o Grupo de Goberno (PSOE-BNG) non estivo á altura no que se refire a traballo e capacidade** para elaborar un programa realmente atractivo, á altura do que en anos anteriores puidemos disfrutar.

Por sorte, esta manifesta incapacidade viuse en parte compensada polo traballo, compromiso e bo facer de entidades, asociacións e colectivos que colaboraron desinteresadamente na organización de actividades que evitaron que o programa festivo estivese totalmente espido. **Veciñanza fai público o máis sincero agradecemento a todas as persoas e colectivos que colaboran e traballan desinteresadamente en calquera aspecto da organización das actividades.**

Veciñanza **xa solicitou por escrito as contas da organización das Festas Patronais.** Por unha cuestión elemental de transparencia, **o Goberno Municipal non pode demorarse máis en presentar un desglose detallado de gastos e ingresos.**

As queixas máis compartidas entre os veciños e veciñas de Cuntis, e coas que concordamos plenamente, son as seguintes:

- O **petitorio**, traballo de recadar as cotas polos fogares do municipio, **fíxose moi tarde e foi moi escaso.** A diminución na recadación é evidente a respecto de cando este traballo se prolongaba durante as semanas previas ao 15 de agosto.
- Foi unha **programación continuísta, escasa e sen capacidade para dinamizar** a vila durante os catro días. Con verbenas que espertaron numerosas críticas cuestionando a súa calidade.
- Ademais de contar cun programa cativo, a **difusión foi extremadamente pobre.** Foi cando menos sorprendente que non houbese cartelería mural, nin para os establecementos da vila nin para concellos limítrofes. **É inaudito que non existan carteis anunciadores das festas patronais de Cuntis.** O modo de difundir o programa festivo limitouse a un díptico impreso enviado aos fogares.





- **Confusión no referido ao denominado Día das Atraccións**, que o programa anunciaba para o domingo día 19 (coincidindo co Maratón de San Antón) e as propias atraccións ofreceron o luns día 20 (fóra xa das Festas Patronais).

A organización das Festas Patronais deste 2018 foi **unha pequena metáfora do que está sendo esta lexislatura: o reflexo da incapacidade dun Goberno Local feble e sen iniciativa**. Traballo escaso, tarde, improvisado, sen coordinación e cunha difusión verdadeiramente deplorable.

Os veciños e veciñas de Cuntis merecen que as súas festas patronais recuperen o esplendor que tiveron en anos anteriores, cando contaban con actuacións de verdadeiro nivel capaces de atraer tanto a veciños/as como a visitantes. Cando presentaban unha oferta completa e atractiva para todos os públicos. Desgraciadamente, en Cuntis este ano non puidemos contar con iso.

